

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Anuncio de aprobación definitiva do Regulamento de participación veciñal no Concello de Teo*

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, na sesión de 25 de xaneiro de 2017, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de participación veciñal no concello de Teo.

Sometido o expediente a información pública, durante trinta días, mediante anuncios publicados no BOP (número 29 do 10/02/2017) e no taboleiro de anuncios do concello, non se presentou reclamación algunha, polo que, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local(LRBRL), e de conformidade co acordo plenario citado, enténdese definitivamente aprobado o mencionado regulamento.

De acordo co disposto no artigo 70.2 da LRBRL, procédese á publicación íntegra do texto do regulamento, que entrará en vigor trala súa publicación e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Teo, 7 de abril de 2017

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

#### REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL NO CONCELLO DE TEO

##### PREÁMBULO

A institución municipal constitúe o órgano de administración máis próximo aos cidadáns e na que de xeito máis directo poden ser efectivos os lexítimos dereitos destes a participar na toma de decisións sobre todos aqueles asuntos que afectan á comunidade municipal, así como a acceder en condicións de máxima transparencia ao coñecemento da xestión e das decisións que no seu nome adoptan os seus representantes. A democracia constrúese todos os días e en multitude de actos, non está restrinxida unicamente a exercitar o dereito ao voto nas eleccións. Sen este exercicio as comunidades e a sociedade en xeral abandona a democracia real cara unha democracia formal, sen participación efectiva das persoas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e, na Comunidade Autónoma de Galiza, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establecen que os concellos deben promover e desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan e nas que estas se organizan, sendo estas, nomeadamente, as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, xuvenís, sindicais, profesionais, empresariais, de sector, etc., as que representan o elemento coordinador e vertebrador da colectividade.

Conscientes de que a través dos colectivos relacionados no parágrafo anterior se expresa de xeito inequívoco o verdadeiro sentir da comunidade, cumpre pois regulamentar e establecer as canles para que poidan ser efectivizados os seus lexítimos dereitos a intervir e participar na toma de decisións en todos aqueles asuntos que lles afectan, así como establecer os mecanismos que garantan o seu dereito á información veraz, transparente e áxil á que as sociedades democráticas teñen dereito. Todos estes mecanismos deben ser reforzados pola administración local, co obxectivo de que as persoas e a colectividade sinta que existe un deber cívico de cooperar coa institución para chegar a unha sociedade mais xusta e mais colaborativa.

O Concello de Teo, sensíbel e consciente da importancia que a participación veciñal debe acadar para garantir as mellores condicións de transparencia, eficacia e de desenvolvemento da verdadeira democracia participativa, considera ineludible a súa obriga de favorecer as mellores condicións para que isto sexa posible e, en consecuencia, aproba o presente Regulamento de Participación Veciñal cono norma pola que se rexerán no futuro as relacións da institución municipal cos diversos colectivos veciñais de Teo, aos que de xeito expreso recoñece como parte fundamental do entramado cidadá.

De acordo co exposto redáctase o presente Regulamento que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), adecúase aos principios de boa regulación recollidos no artigo citado. Os principios de necesidade e eficacia cúmprense xa que é de interese xeral recoller os dereitos de participación da veciñanza de Teo e un regulamento municipal é a ferramenta coa que conta a Corporación para facelo. O principio de proporcionalidade esta asegurado xa que non é unha medida que limite ningún tipo de dereitos nin impón obrigas. A seguridade xurídica desta regulación fundamentase na súa congruencia coa normativa emanada sobre a materia polas restantes institucións con capacidade normativa. O tramite de exposición pública garante o principio de transparencia e a ausencia de cargas administrativas e a xestión racional dos recursos públicos fano co principio de eficiencia.

De acordo con todo o exposto, o presente Regulamento ampárase na Constitución Española, na Lei Orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular, Lei Orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1.

O obxecto deste Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos cidadáns e das cidadás e asociacións na xestión municipal do Concello de Teo, de conformidade coa lexislación vixente. Así, como arbitrar estratexias que fomenten a democracia real e participativa no ámbito local.

### Artigo 2.

O Concello de Teo, a través deste Regulamento, pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación, e que terán o carácter de principios básicos.

- a) Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos.
- b) Facilitar e promover a participación das veciñas e veciños e asociacións na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.
- c) Facer efectivos os dereitos das veciñas e veciños recollidos no artigo 18 da Lei reguladora das bases do réxime local.
- d) Poñer en valor a o tecido e a dinámica asociativa do municipio.
- e) Achegar a xestión municipal á cidadanía.
- f) Informar acerca dos grandes temas municipais como o orzamento anual, os plans urbanísticos, a creación e modificación de ordenanzas fiscais, os plans sectoriais, os programas culturais, sociais ou de saúde, e sobre outros que o Concello considere ou que sexan solicitados por unha maioría de persoas ou polas asociacións implicadas.
- g) Promover mecanismos de interlocución, planificación e xestión dirixidos á mellora organizativa que faciliten a posta en marcha do recollido neste Regulamento.

## TÍTULO I.- O DEREITO Á INFORMACIÓN

### Capítulo I.- Da información ós cidadáns e ás cidadás

### Artigo 3.

Todos os veciños e veciñas do Concello terán os dereitos recollidos na normativa citada no Preámbulo do presente, en particular, teñen dereito a:

- a) Participar na xestión dos asuntos públicos locais de forma individual ou colectivamente, facendo uso das canles e mecanismos establecidos neste Regulamento.
- b) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.
- c) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.

d) Obter copia selada dos documentos que presenten, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a que estes sexan devoltos agás cando teñan que constar no procedemento.

e) Utilizar o idioma galego nas súas relacións coa corporación de Teo.

f) Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados/as, anterior ao trámite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

g) Obter información e orientación no tocante aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lle imponían aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

h) Acceder aos rexistros e arquivos das corporacións locais nos termos previstos na Constitución e na lexislación vixente.

i) Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregadas e empregados públicos, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

l) Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos da Corporación local e os seus antecedentes.

m) Esixir responsabilidades da Corporación local.

n) Presentar queixas ou suxestións por escrito e obter resposta autorizada das mesmas.

ñ) Exercer calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

#### **Artigo 4.**

O Concello, ademais da obrigatoria publicación nos boletíns oficiais, informará aos veciños e veciñas da súa xestión a través dos medios de comunicación social (especialmente a través dos medios de titularidade municipal se os houbera) e mediante a edición de publicacións, páxina web do concello, pancartas, folletos e bandos, a colocación de carteis, taboleiros de anuncios, paneis informativos ou cantos outros medios se consideren necesarios. Ao mesmo tempo poderá recoller a opinión dos veciños e veciñas e asociacións a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

#### **Artigo 5.**

A divulgación das actuacións municipais terá unha especial difusión cando se trate de asuntos de transcendencia, relevancia ou interese público. Sen prexuízo do anterior, o concello de Teo publicara na páxina web municipal:

a) As convocatorias e orde do día do Pleno. Estas convocatorias anunciaranse nos paneis luminosos.

b) As actas de sesión dos Plenos.

c) Actas da Xunta de goberno local.

d) As percepcións mensuais dos concelleiros e concelleiras por asistencia a órganos colexiados.

#### **Artigo 6.**

Cando o considere oportuno, o alcalde ou alcaldesa convocará asembleas de interesados en asuntos concretos nas que se informará e recollerá a opinión da veciñanza e das asociacións municipais.

#### **Artigo 7.**

A cidadanía terá acceso á información contida nos arquivos e rexistros municipais conforme ao establecido no ordenamento xurídico. O acceso farase mediante petición razoada no rexistro xeral municipal, por calquera das vías habilitadas para facelo. No prazo máximo dun mes dende a presentación da solicitude, darase resposta á petición e no caso de ser autorizado o acceso realizarase en sede municipal e en espazo adecuado. Este acceso será comunicado a persoa solicitante con mais de tres días de antelación. O atraso no cumprimento do tempo establecido deberá ser motivado e comunicado por escrito á persoa interesada. A denegación do acceso poderá ser xustificada por razóns legais, operativas ou de forza maior mediante resolución motivada.

### **Capítulo II.- A Oficina de Información e Atención Cidadá**

#### **Artigo 8.**

Nas dependencias da Casa do Concello funcionará unha oficina de información, coas seguintes funcións:

a) Recepción dos cidadáns e cidadás co obxecto de canalizar as solicitudes de información ás que se refiren os artigos anteriores así como orientar e prestar a axuda que precisen no comezo dos procedementos.

b) Informar ao público sobre os fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello, así como dos órganos da Administración autonómica e central e da Deputación Provincial.

c) Recepción de impresos para as solicitudes que a cidadanía desexe realizar, acompañada dunha labor de revisión previo ao rexistro, garantindo que a documentación achegada é correcta.

d) Informar sobre os trámites administrativos polos que discorre cada expediente, e realizar o oportuno seguimento deles.

e) Recepción oral de suxestións.

f) Informar acerca dos servizos e competencias doutras Administracións Públicas.

g) Garantir á cidadanía o exercicio do dereito de acceso, rectificación e cancelación de datos de carácter persoal que obren en poder do concello.

h) Xestión da calidade mediante sistemas de recollida de datos que permitan a avaliación da calidade do servizo de información.

#### **Artigo 9.**

As solicitudes que dirixan as veciñas e veciños a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursadas necesariamente por escrito, e serán respondidas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.

Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario informará ao solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de secretario ou secretaria deste enviará, ao propoñente, no prazo máximo de 30 días, copia da parte correspondente da acta da sesión. O presidente do órgano colexiado poderá requirir a presenza do autor da proposta na sesión que corresponda, co fin de que a explique e defenda por si mesmo.

#### **Artigo 10.**

Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, como os presupostos anuais, a creación e modificación das ordenanzas fiscais, plans de urbanismo, programas sociais, culturais, de saúde e outros que considere conveniente o Concello.

### **Capítulo III.- Os medios de comunicación locais**

#### **Artigo 11.**

O Concello potenciará os medios de comunicación municipais e propiciará o acceso aos mesmos dos cidadáns e das cidadás e das asociacións.

#### **Artigo 12.**

A administración electrónica, tal e como se recolle no ordenamento xurídico, é unha obriga dos municipios, xa que supón impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación, para facilitar a participación e a comunicación coa cidadanía.

Como tal obriga o concello de Teo potenciará o uso das nova tecnoloxías para facilitar as xestións municipais e favorecer o achegamento da poboación.

O Concello fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación e así a paxina Web do Concello permitirá:

a) Desenvolver a administración electrónica. A posibilidade de facer xestións, e acceder aos trámites administrativos municipais, de comunicar incidencias, ou resolver dúbidas mediante sistemas telemáticos.

b) Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.

c) Mellorar a transparencia da Administración Local incorporando á rede toda información de carácter público que se xere. O Concello incluírá na web os documentos pertinentes sobre a situación actual dos servizos municipais e a súa evolución no tempo.

d) Potenciar a relación entre as Administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos cidadáns.

e) Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.

f) Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.

## Capítulo IV.- A Plataforma de Participación Cidadá

### Artigo 13.

A tecnoloxía da comunicación posibilita a creación de novas vías de interacción cos veciños e veciñas do municipio. A estes efectos mediante a Plataforma de participación cidadá, á cal se poderá acceder vía web, os usuarios rexistrados poderán participar en debates que garden relación con determinados asuntos de carácter municipal, algúns dos cales con votación, ou facer consultas directamente ao órgano de goberno municipal.

### Artigo 14.

Relacionada coa Plataforma de participación cidadá, tamén se impulsará o uso das ferramentas de xestión de incidencias mediante dispositivos móbiles. Funcionará unha ferramenta que posibilite a recepción e emisión de información a través de dispositivos deste tipo, explotando ao máximo as posibilidades tecnolóxicas para estimular a participación dos veciños e veciñas na xestión das cuestións públicas.

## TÍTULO II.- O DEREITO Á PARTICIPACIÓN

### Capítulo I.- O dereito de petición

### Artigo 15.

Todos os cidadáns e as cidadás poderán exercer o dereito de petición, nos termos establecidos na Lei Orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora deste dereito. Mediante este dereito poderán formular solicitudes sobre calquera asunto ou materia de competencia municipal ou pedir aclaracións sobre as actuacións municipais.

### Capítulo II.- O dereito de Iniciativa Popular e Iniciativa Veciñal

### Artigo 16.

Tal como se establece a Lei 7/1985, os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular presentando proxectos de acordo ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias de competencia municipal. Ditas iniciativas deberán ir subscrias como mínimo polo 15% dos veciños do municipio. Deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso requirirase o previo informe de legalidade da secretaria ou secretario do Concello así como o informe do interventor cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

### Artigo 17.

A iniciativa popular pode incorporar unha proposta de consulta popular local, que será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos previstos no artigo 71 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### Artigo 18.

Enténdese por Iniciativa Veciñal a forma de participación mediante a cal os cidadáns e cidadás, e as asociacións propoñen ao Concello que leve a cabo unha determinada actuación ou actividade de competencia municipal de interese público e aporten medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal para acadalo.

### Artigo 19.

A Iniciativa Veciñal deberase presentar por escrito e deberán figurar os datos de identificación de quen realice a proposta, ou no seu caso, a entidade, asociación ou colectivo que represente. Cando o Concello reciba a iniciativa, someterase a información pública durante un prazo de trinta días.

### Artigo 20.

O Pleno deberá decidir sobre a Iniciativa Veciñal no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da finalización da exposición pública. A decisión terá en conta principalmente o interese público da iniciativa. Antes da toma da decisión correspondente, o alcalde ou alcaldesa poderá solicitar informacións complementarias á persoa ou colectivo que fixo a proposta.

### Artigo 21.

En caso de que o Pleno do Concello aprobe a Iniciativa Veciñal, fará pública a forma e o calendario con que se levará a cabo, e destinará no seu caso a partida económica correspondente.

### Capítulo III.- A consulta popular

#### Artigo 22.

O alcalde, de acordo co artigo 71 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e artigo 257 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, excepto os relativos á Facenda Local.

#### Artigo 23.

O resultado da consulta popular deberase someter á consideración do Pleno no prazo máximo de dous meses despois de realizado o referendo.

### Capítulo IV.- O dereito de asistencia e intervención nos Plenos

#### Artigo 24.

As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións, a través dos medios máis adecuados ao caso. Igualmente, os representantes dos medios de comunicación social, terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para cumprir o seu traballo. O Pleno será retransmitido a toda a poboación na través dos medios técnicos dos que se dispoña en cada momento, co obxectivo que as persoas interesadas poidan seguir o Pleno dende fora do salón de plenos.

#### Artigo 25.

As asociacións de Teo, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, que desexen efectuar unha intervención no Pleno, en relación con algún punto da orde do día no que teñan a condición de interesados, deberán solicitalo mediante escrito dirixido á Alcaldía, cunha antelación mínima de dous días hábiles á data de celebración do Pleno. En dito escrito deberán xustificar e motivar a solicitude e a condición de interesado, así como indicar o nome e apelido da persoa que fará a exposición e, no seu caso, o cargo que desempeña na entidade ou asociación. A intervención, cun tempo máximo de dez minutos, será previa á lectura, debate e votación do punto da orde do día.

#### Artigo 26.

Todas as persoas empadroadas no concello de Teo, teñen dereito a intervir nas sesións ordinarias do Pleno, de acordo coas prescricións seguintes:

- a) A intervención terá que ser solicitada á Alcaldía con unha antelación mínima de dous días hábiles previo á realización da sesión, por medio de escrito debidamente motivado, e presentando no rexistro municipal.
- b) O número máximo de intervencións en cada sesión será de dúas, elixidas por orde de rexistro.
- c) A Alcaldía poderá denegar a intervención nos seguintes casos:
  - i. Se é un asunto sobre o que o Concello non ten competencias.
  - ii. Se xa se presentou noutra sesión outra petición sobre o mesmo ou similar asunto nos tres meses anteriores.
- d) A persoa solicitante disporá de cinco minutos para facer a súa intervención despois de finalizada a sesión. Poderá ser contestada polo alcalde ou alcaldesa ou concelleiro/a competente, sen que poida haber dereito de réplica do solicitante.

#### Artigo 27.

Ao remate da quenda de exposicións abríase unha rolda de rogos e preguntas. Nesta, o alcalde ou alcaldesa poderá autorizar a un rogo ou pregunta por persoa, con máximo de tres por Pleno, e se estas llo comunican ao comezo da sesión. As persoas que fagan rogos ou preguntas deberán ser necesariamente veciños ou veciñas de Teo.

#### Artigo 28.

Cando o Pleno do Concello trate dos asuntos sobre os que se teña articulado unha iniciativa popular, isto comportará automaticamente o dereito de intervención na sesión plenaria da ou do representante dos propoñentes, sexa cal sexa o carácter desta, e sen a limitación temporal establecida no apartado d) do artigo 26.

#### Artigo 29.

Poderán participar nos Plenos, nos termos establecidos no artigo 25 deste Regulamento, os Órganos de Participación Cidadán definidos no Título IV deste Regulamento.

## TÍTULO III.- ASOCIACIÓN

### Capítulo I.- Definición e Dereitos das Asociacións

#### Artigo 30.

Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións todas as asociacións sen afán de lucro, dos distintos eidos da actividade do tecido asociativo teense, legalmente constituídas que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos cidadáns do municipio e, en particular, as asociacións de veciños, de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e outras similares, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social.

#### Artigo 31.

1.- De acordo cos seus recursos orzamentarios, o Concello subvencionará economicamente ás asociacións e colectivos cidadáns que teñan como obxectivo algún dos expostos no artigo anterior, tanto no que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

2.- Para estes efectos, o orzamento municipal incluírá partidas destinada a este fin. O Concello, no exercicio das súas potestades regulamentarias e de autoorganización, aprobará as normas ou bases reguladoras das formas, medios e procedementos de distribución desa partida que, en todo caso, terá en conta a representatividade da asociación, o grao de interese ou utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas.

#### Artigo 32.

1.- As asociacións ás que se refire o artigo anterior poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais, coa limitación que imponha a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións.

2.- O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello e coa antelación que establezan os servizos correspondentes.

3.- As asociacións municipais que fagan uso dos locais ou medios públicos deberan estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. As que non no estean ou sexan doutro ámbito territorial de actuación poderán facer uso das mesmas cando se considere de interese para a sociedade teense. Este extremo será comprobado mediante informe da concellería de relacións veciñais.

#### Artigo 33.

Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos veciños e veciñas, as asociacións as que se refiren os artigos anteriores gozarán dos seguintes dereitos:

a) Recibir información das convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas ou daquelas en que deba estar presente o movemento veciñal. Recibir así mesmo as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais cando afecten ao obxecto social da entidade e esta cumpra as normas establecidas para a súa recepción. Por razóns de axilidade, a información á que se refire o presente artigo será remitida preferentemente por medios electrónicos.

b) Recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello.

c) Recibir información sobre actividades, campañas ou convocatorias que sexan do seu interese polo ámbito de actividade.

#### Artigo 34.

1.- Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas, só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2.- O rexistro ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.

3.- Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, de carácter social, deportivo, veciñal, da muller, persoas maiores, xuventude, etc, con domicilio social dentro do municipio de Teo e que neste ámbito xeográfico desenvolvan as súas actividades, que consistirán fundamentalmente na defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais das veciñas e veciños.

#### Artigo 35.

1.- A solicitude de inscrición presentase no rexistro do Concello.

2.- O Rexistro será coordinado pola Secretaría Xeral da Corporación, a través da oficina de información, e os seus datos serán públicos. As inscricións serán realizadas polas asociacións interesadas, que terán que presentar os seguintes datos.

- a) Acta da asemblea constituínte da asociación.
- b) Estatutos da asociación.
- c) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- d) Nome e apelidos das persoas que ocupen os cargos directivos.
- e) Enderezo social.

O incumprimento destas obrigas deixará en suspenso a inscrición no Rexistro e poderá determinar a baixa do mesmo.

#### **Artigo 36.**

1.- No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e agás que se teña que interromper para presentar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e, a partir dese momento, considerarase de alta para todos os efectos.

2.- As asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos ao día, notificando cantas modificacións se produzan no prazo máximo dun mes. Durante os primeiros catro meses de cada ano as entidades inscritas no rexistro remitiran á Secretaría xeral do concello a seguinte información:

- a) Orzamento do ano en curso
- b) Balance económico do exercicio anterior
- c) Programa anual de actividades.

3.- O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar a que o Concello poida dar de baixa á asociación no Rexistro.

#### **Artigo 37.**

No caso de que existan, as asociacións inscritas teñen dereito a propoñer representantes nos consellos de administración e noutros órganos executivos dos padroados, sociedades, empresas públicas, fundacións, organismos autónomos e demais fórmulas de xestión dos servizos públicos municipais, de acordo co establecido nos regulamentos ou estatutos respectivos.

## **TÍTULO IV.- OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### **Capítulo I.- Os Consellos Sectoriais ou de Área**

#### **Artigo 38.**

O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais para cada unha das áreas da actividade municipal. Os Consellos Sectoriais son órganos de participación, información e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia. A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos Consellos Sectoriais serán establecidos polo Pleno do Concello, de conformidade co establecido na lexislación vixente. Deberán contemplar, en todo caso, a adecuada e suficiente representación e participación das asociacións veciñais, cuxa actividade teña relación co ámbito das súas competencias. Ditos Consellos crearanse sen prexuízo dos Consellos establecidos pola lei estatal ou autonómica. O Consello Escolar Municipal regula o seu funcionamento a través do seu regulamento propio.

### **Capítulo II.- O Consello de Relacións Veciñais**

#### **Artigo 39.**

Co fin de desenvolver os obxectivos de participación, constituirase o Consello de Relacións Veciñais, que estará integrado polos seguintes membros:

1. Presidente ou presidenta: o alcalde ou alcaldesa ou quen legalmente o substitúa.
2. Vicepresidente/a executivo/a: o concelleiro/a da área de relacións veciñais.
3. Un/ ou unha representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación.
4. O concello invitará a todas as asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello a participar no Consello de Relacións Veciñais e, en consecuencia, serán Vogais do mesmo:



a) Un ou unha representante de cada unha das asociacións incluídas no Rexistro municipal. A concellería de relacións veciñais comunicárase con todas as entidades solicitando representación, e as que estean interesadas remitiran o nomeamento ao rexistro do concello a resolución do seu órgano competente.

b) Un ou unha representante de cada unha das asociacións empresariais ou profesionais constituídas no Concello de Teo que o soliciten, mediante resolución do órgano competente.

c) Un ou unha representante de cada un dos sindicatos que teña constituída agrupación local no Concello de Teo que o soliciten, mediante resolución do órgano competente.

5. A secretaria ou secretario será a do Concello, ou a funcionaria ou funcionario municipal no que delegue.

#### **Artigo 40.**

Os membros da Corporación que formen parte do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello a proposta de cada grupo municipal.

#### **Artigo 41.**

1.- O Consello de Relacións Veciñais reunirse, ordinariamente, unha vez por ano, e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou presidenta cando así o solicite un terzo calquera dos seus membros.

2.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

3.- De cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os ditames emitidos.

4.- Para a válida constitución do Consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros. En segunda convocatoria, 15 minutos despois, poderá constituírse o Consello sempre que estean presentes, polo menos, un terzo dos seus membros. En todo caso requírese a presenza do/a Presidente/a e da/do secretaria/o ou das persoas que legalmente os substitúan.

5.- O Consello de Relacións Veciñais poderá dotarse dun regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado, en todos os seus extremos, polo Pleno da Corporación municipal. Do mesmo xeito, poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considere convenientes.

#### **Artigo 42.**

Son funcións do Consello de Relacións Veciñais:

a) Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.

b) Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.

c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.

d) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións do ámbito das súas funcións ao Concello, para ser discutidas no órgano que corresponda.

e) Informe non vinculante sobre as convocatorias de subvencións que dende os distintos departamentos se destinen a entidades asociativas.

f) Recibir información das partidas das subvencións nominativas que contemplan os orzamentos municipais.

g) Informe, non vinculante, dos fondos da partida de promoción do tecido asociativo que leven os orzamentos.

h) Establecer os criterios e propoñer a distribución dos fondos dunha partida específica consignada para este fin.

i) Participar no deseño da política de fomento do asociacionismo.

j) Emitir informes en todos aqueles puntos da actividade municipal relacionados co asociacionismo, que a maioría dos seus compoñentes queiran valorar.

#### **Artigo 43.**

O funcionamento do Consello de Relacións Veciñais axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e na Lei de réxime xurídico do sector público. O voto dos membros do Consello será persoal e non delegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

As sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeiros que a presidencia ou a maioría do Consello consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto.

### Capítulo III.- A participación parroquial

#### Artigo 44.

Os Consellos Parroquiais son órganos desconcentrados de participación, consulta, información, control e propostas para a xestión municipal no ámbito parroquial, carentes de personalidade xurídica propia e permiten impulsar a nivel parroquial a participación de veciños e veciñas, colectivos e asociacións. Confíren un carácter territorial de participación e interrelación ás parroquias. Os veciños e veciñas, poderán facer propostas a través dos representantes veciñais ou pedir por escrito que se traten temas concretos.

#### Artigo 45.

Constituirase un consello parroquial en cada unha das parroquias, poderanse agrupar dúas ou mais parroquias no caso de que así o decidan as súas asembleas parroquiais.

#### Artigo 46.

Cada Consello estará composto polo:

- a) Presidente ou presidenta: alcalde ou alcaldesa ou concelleiro ou concelleira en quen delegue.
- b) Concelleiro ou concelleira de participación veciñal, ou área que asuma as competencias.
- c) Conselleiro ou conselleira parroquial, unha persoa veciña da parroquia.
- d) Vogais: Un ou unha designado por cada grupo municipal de entre as persoas censadas na parroquia.
- e) Un ou unha representante, ou mais, das asociacións inscritas no Rexistro Municipal, que teña como ámbito de actuación a parroquia e domicilio social na mesma. Por cada tres entidades con dereito a representación elixirase un ou unha representante. De non haberlas, poderá propoñerse unha persoa veciña da parroquia.
- f) Unha ou un representante dos veciños e veciñas, e outro mais por cada mil habitantes.
- g) Secretario ou secretaria elixida entre as persoas que compoñen o consello.

#### Artigo 47.

O concelleiro parroquial é o representante do Concello de Teo na parroquia, e será nomeado polo alcalde ou alcaldesa de Teo a proposta da Asemblea Parroquial. O representante das asociacións, será proposto polo conxunto delas. No caso de non haber, será elixido/a pola Asemblea Parroquial.

A duración dos cargos será de dous anos, e renovaranse no prazo do ano seguinte ao remate do mandato. En todo caso a Asemblea parroquial poderá revocar o nomeamento de calquera das persoas que fora escollida por ela, nomeando a outra para substituíla.

#### Artigo 48.

Os conselleiros e conselleiras propostos polas entidades, serán escollidos entre as asociacións con dereito de representación. Este censo será aprobado polo Consello Municipal de Relacións Veciñais. Convocarase aos representantes das mesmas, e elixiranse aos e as representantes que en función do volume do censo estean recoñecidos. O sistema de eleccións será o de consenso, e de non habelo votación. Unha vez escollidos levantarase unha acta da elección asinada polos presentes, e remitírase á alcaldía para o seu nomeamento.

#### Artigo 49.

Os consellos parroquiais reuniranse en sesión ordinaria unha vez ao semestre, ou cando o estimen necesario. Poderán convocalo o alcalde ou alcaldesa de Teo, o concelleiro ou conselleira Parroquial ou a terceira parte dos compoñentes. Correspóndelle ao presidente ou presidenta do Consello parroquial a elaboración da orde do día, e o secretario ou secretaria levantar a acta da sesión. A convocatoria será pública, e daráselle a máxima publicidade posible, e con unha antelación mínima de oito días.

#### Artigo 50.

Os consellos parroquiais propoñerán anualmente ao goberno municipal unha prelación de propostas de actuacións no seu ámbito territorial. Serán informados previamente á execución de obras, e sempre que sexa posible por razón de prazos, serán oídos na planificación de obras e servizos no seu ámbito de actuación. Cando non sexa posible facelo previamente, facilitaráselle información na seguinte reunión.

#### Artigo 51.

A asemblea parroquial estará constituída polo veciños e veciñas maiores de 16 anos, e que dispoñan de dereito de sufraxio e capacidade de obrar.

**Artigo 52.**

A asemblea parroquial será convocada anualmente pola alcaldesa ou alcalde do concello de Teo. Poderá convocarse de xeito extraordinario cando o así o decida o alcalde, o consello parroquial ou o 20% das persoas que a compoñen. Hai tantas asembleas parroquiais como consellos, e os cargos de presidente ou presidenta e secretario ou secretaria serán comúns a ambos entes.

**Artigo 53.**

As funcións da Asemblea Parroquial son:

- a) Proposta de nomeamento ou cese dos conselleiros parroquiais nomeados por eles, así como dos demais representantes elixidos e elixidas por ela no consello parroquial.
- b) Recibir información sobre a xestión municipal e sobre a acción municipal no seu territorio.
- c) Debater e asesorar sobre os proxectos municipais que afectan a parroquia.
- d) Facilitar a participación directa veciñal nos asuntos que lles incumben.
- e) Trasladar propostas de traballo ao Consello Parroquial para que sexan transmitidas ao goberno municipal.
- f) Recibir información sobre o traballo do Consello Parroquial.
- g) Recibir información e facer propostas sobre os proxectos de participación veciñal propostos polo concello de Teo, e en especial sobre os posibles orzamentos participativos.

**Artigo 54.**

O sistema de elección dos representantes no Consello Parroquial por parte da asemblea, será o seguinte:

Poderán presentarse os cargos calquera persoa que forme parte da asemblea, en calquera momento previo ao punto da orde do día onde se recolla a elección das mesmas.

Ao comezo do punto que recolla a elección dos representantes, o presidente lera os cargos que son necesarios escoller por razón de poboación e doutras circunstancias. Os presentes poderán postularse para os mesmos, podendo explicar a asemblea cales son os motivos para facelo. Se por causa xustificada alguén non presente se quixera postular terá que facelo mediante escrito asinado, identificando á persoa que vai presentar a súa candidatura.

Poderán postularse para Conselleiro ou Conselleira parroquial e a vez para representante da Asemblea no Consello.

Unha vez rematados as quendas de palabra procederase á votación, que poderá ser en urna ou man alzada, segundo decida a asemblea. Primeiro escollerase o Conselleiro ou Conselleira Parroquial, e despois o resto dos representantes. Se unha persoa opta ao posto de Conselleiro ou Conselleira e a representante, se sae escollida para o primeiro posto, enténdese desestimada a candidatura para os restantes.

Unha vez rematada a votación levantarase acta da mesma, que será remitida á alcaldía do concello de Teo para o seu nomeamento.

**Capítulo IV.- Proxectos de participación cidadá****Artigo 55.**

O concello de Teo desenvolverá proxectos de participación cidadá baixo o nome xenérico de "TEO DECIDE".

**Artigo 56.**

Estes procesos contarán coa asesoramento técnico necesario e tentarán conseguir que o tecido asociativo municipal e a poboación a nivel individual, se manifeste sobre asuntos da xestión do goberno municipal, poida propoñer prioridades e participar activamente na realización de proxecto de activación e promoción das dinámicas comunitarias.

**Artigo 57.**

Os distintos procesos serán decididos pola concellería responsable da área de participación veciñal, previa información ao consello de participación veciñal, que poderá facer suxestións sobre os contidos e o procedemento dos proxectos abordados.

**Artigo 58.**

O concello de Teo promoverá os procesos que posibiliten a realización de Orzamentos participativos. Dentro da liña de traballo de promoción da implicación política e de potenciamento da democracia real, traballarase para posibilitar unha experiencia de orzamentos participativos.

**Artigo 59.**

O Consello de Relacións Veciñais terá un papel importante no deseño e planificación dos procesos de orzamentos participativos, e valorara a idoneidade do momento e dos modelos de traballo.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derrogado o Regulamento de Participación Veciñal no Concello de Teo aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2007 e publicado no BOP nº 21 do 25 de xaneiro de 2008.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2017/2952